

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10963 *Real decreto 405/2021, do 8 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 427/2020, do 3 de marzo, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das lonxas de produtos agropecuarios como «lonxas de referencia», e das súas asociacións, e se crea o Rexistro nacional de lonxas de referencia e das súas asociacións.*

As lonxas agropecuarias constitúen unha institución tradicional do noso sector agrario, que desde hai moitos anos veñen contribuíndo coa súa actividade a mellorar a transparencia nas relacións comerciais nos primeiros elos da cadea de subministración e prestan un importante servizo ao conxunto dos empresarios agrarios da zona en que se localizan, xa que realizan un destacado labor de elaboración e difusión de información sobre cotizacións e mercados en orixe, que contribúen á transparencia nos intercambios comerciais. Este labor é tamén de interese para o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, xa que, para determinados produtos, a información que proporcionan constitúe unha fonte de datos que se utiliza como contraste ou para a elaboración de informes e análises da situación dos sectores.

Transcorrido un ano desde a súa aprobación, é preciso modificar o Real decreto 427/2020, do 3 de marzo, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das lonxas de produtos agropecuarios como «lonxas de referencia», e das súas asociacións, e se crea o Rexistro nacional de lonxas de referencia e as súas asociacións, para corrixir erros detectados e facilitar unha mellor aplicación deste, e detallar certos aspectos técnicos puntuais relativos aos requisitos e ao modo de operar delas.

Na tramitación deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non se prevén restricións de dereitos nin se impoñen obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, co cal se evitan cargas administrativas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xuño de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 427/2020, do 3 de marzo, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das lonxas de produtos agropecuarios como «lonxas de referencia», e das súas asociacións, e se crea o Rexistro nacional de lonxas de referencia e as súas asociacións.*

O artigo 2 do Real decreto 427/2020, do 3 de marzo, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das lonxas de produtos agropecuarios

como «lonxas de referencia», e das súas asociacións, e se crea o Rexistro nacional de lonxas de referencia e as súas asociacións, queda modificado como segue:

Un. O número 1 queda redactado como segue:

«1. O recoñecemento de lonxa de referencia levarao a cabo a comunidade autónoma en que radique a sede social desta e inscribírase no Rexistro regulado no artigo 7.

Sen prexuízo do resto de requisitos previstos na normativa da Unión Europea sobre lonxas ou mercados de referencia, o recoñecemento poderá outorgarse á lonxa que así o solicite e cumpra as condicións seguintes:

a) Exercer como actividade principal a de lonxa de contratación, con personalidade propia ou integrada con autonomía propia nunha entidade sen ánimo de lucro para o exercicio da súa actividade, e que nos seus estatutos ou regulamento interno teña como obxecto, entre outros, a constatación de cotizacións, tendencias de prezos ou prezos practicados ou de referencia non vinculantes, de produtos agrícolas ou gandeiros do seu ámbito, e o dito obxecto estea regulado polos propios estatutos ou regulamentos internos, de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación.

b) Dispor duns estatutos ou regulamentos internos que se axusten ás determinacións establecidas no número 3.

c) Funcionar de maneira transparente respecto dos seus membros, e conforme o previsto na normativa de defensa da competencia.»

Dous. A letra b) do número 3 queda sen contido.

Tres. A letra g) do número 3 queda redactada como segue:

«g) Regular a composición e o funcionamento das xuntas ou comisións de prezos que se establezan, para o cal deberán preverse as medidas precisas para garantir unha presenza equilibrada de produtores e de comercializadores, para garantir unha representación adecuada dos distintos tipos de operadores, evitar os conflitos de intereses e garantir o cumprimento da normativa de defensa da competencia, aspecto que se recollerá nos estatutos ou regulamento interno, ou norma ou acordo similar.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de xuño de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES